

OS CAMIÑOS DA BRÉTEMA



Vicente Ansola Trueba

A Porta Verde do Sétimo Andar

ÍNDICE

INTRODUCCIÓN.....	3
DESCRIPCIÓN DO PROXECTO. OBXECTIVOS.....	5
OS INTEGRANTES DO PROXECTO	6
Vicente Ansola Trueba.....	6
A Porta Verde do Sétimo Andar	8

INTRODUCCIÓN

“Mira! Aquí as silvas xa engarabitan polas paredes. Esto acabouse” (escoitado a unha veciña de Sampaio, A Pontenova).

É certo. Sempre á espera do seu momento, silvas e outras especies invasivas ocupan ata o último poro de paredes de pedra que noutrora deron acubillo, protexeron, foron casa. A natureza, unha vez fóra a xente, reclama o seu antigo lugar. Sen as risas dos nenos que un día houbo e a palabra dos veciños durante a polavila, o silencio gaña a batalla.



Imaxe 1. Fotografía de Vicente Ansola Trueba pertencente ó traballo O Pobo das Néboas.

É na década dos cincuenta cando se inicia en Galicia un importante desprazamento de homes e mulleres provintes do rural cara as cidades cun maior nivel de industrialización de toda a Península. Pode situarse aquí o punto de partida dun proceso de despoboamento dos núcleos rurais que non rematou aínda a día de hoxe e que se ve agravado pola crise agrogandeira e o envellecemento poboacional. Segundo datos do Instituto Nacional de Estatística, no ano 2012, contabilizáronse en Galicia máis de tres mil aldeas sen ningún habitante, o cal supón o cincuenta por cento das aldeas abandonadas de toda España. Destas, case a metade pertencen á provincia de Lugo e sitúanse maioritariamente nas zonas de interior e de montaña. Comeza a ser frecuente atopar en webs especializadas o anuncio de posta á venda de aldeas enteiras, nalgunhas ocasións mesmo incluíndo no lote edificios de gran valor histórico-artístico. Son pobos pantasma á espera dunha oportunidade que lles permita volver á vida.

GALICIA

Galicia pone en venta sus aldeas abandonadas

Una treintena de los 1.408 núcleos abandonados que hay en Galicia esperan comprador. Ingleses, noruegos, árabes y norteamericanos ya han mostrado interés por venir aquí

MARÍA CEDRÓN

redacción / la voz 17 de marzo de 2013 15:30

★★★★☆ 59 votos



Candelago, ubicado en un escenario único desde el que se ve el Atlántico y Laxe, es uno de los núcleos que buscan comprador en Galicia. VÍCTOR MEJUTO

SABER MÁS...

«Viñeron á misa, o lama e todo»

M. CEDRÓN



«É mellor ter o pobo nunhas condicións aceptables que



Imaxe 2. Noticia publicada por La Voz de Galicia o 17 de Marzo de 2013.

Ante a magnitude dos datos, cecáís sería adecuado preguntarse que perdemos, que perde o conxunto da sociedade galega coa morte das súas aldeas. O máis inmediato é pensar na desaparición dun importante patrimonio arquitectónico e nunha variación sustancial da paisaxe. Hórreos e cabozos que caen, casas con galerías que nunca máis deixarán entrar a luz, sequeiros olvidados en soutos nos que as castañas xa non serán recollidas,... E, por suposto, montes abandoados e poboados por un sotobosque que, se ben non provocará incendios, si agravará e hiperdimensionará calquera lume que poida xurdir.

Sen embargo, aínda non é esta a perda máis significativa. Coa desaparición do noso rural desaparecen oficios, desaparece un xeito peculiar de traballar e relacionarse coa terra, desaparecen contos e lendas, desaparecen cantigas, desaparecen palabras,... desaparece cultura. Desaparece, en definitiva, un rico universo de valores, usos e costumes imprescindible para entender a nosa sociedade e que constitúe a cerna daquelo que nos define como pobo. E o esvaeceamento da esencia da nosa identidade colectiva só pode implicar que os individuos que compoñemos dita colectividade quedemos dalgún xeito privados da memoria da orixe, absolutamente orfos das raíces necesarias.

DESCRIPCIÓN DO PROXECTO. OBXECTIVOS.

O evidente decaer do medio rural galego é unha realidade que non pasa xa desapercibida para ninguén. Tanto a nivel individual como colectivo, son numerosos os esforzos adicados a, por unha banda, afondar nas causas do abandono e, pola outra, definir as consecuencias económicas, sociais e ambientais que dito abandono comporta. Pero non só espertou a curiosidade de investigadores de distintos campos. A desaparición das nosas aldeas tamén suscitou o interese de artistas que, a través da súa peculiar mirada, trataron e seguen tratando de chamar a atención da sociedade sobre unha realidade que afecta ó seu conxunto. Este é o caso do fotógrafo Vicente Ansola Trueba e do colectivo poético A Porta Verde do Sétimo Andar.

Vicente Ansola, cuxa biografía e obra se detallan nun apartado posterior, leva anos mostrando tanto dentro como fóra das fronteiras de Galicia a realidade de moitas das nosas aldeas. No seu traballo *O Pobo das Néboas*, realizado íntegramente no concello de A Pontenova e premiado co prestixioso Master Hasselblad no 2.012, reflexa a xeito de melodía fotográfica o canto de cisne do noso rural. Pero a súa non é unha perspectiva deprimente, nin sequera pesimista. Nas súas imaxes aparece, si, o innegable abandono, pero cada rincón convértese baixo a súa mirada nun lugar máxico poboado por trasgos e fadas que se insinúan constantemente entre unha néboa que matiza obxectos e cores. Hai tenrura e mil historias vividas nas persoas que Vicente Ansola retrata e elas, ó igual que casas, cabozos e hórreos intégranse na paisaxe conformando un universo en perfecta harmonía. Dalgún xeito, esta peculiar visión rescata do esquecemento non só aldeas, senón tamén momentos e persoas, posto que as dota dun encanto que atrae sobre elas a mirada curiosa de quen, nun momento dado, se detén a contemplar as fotografías.

E é esta capacidade de poñer novamente en valor lugares e historias a que provoca que os integrantes do colectivo A Porta Verde do Sétimo Andar decidan achegar poesía ás súas fotografías. Trátase de combinar imaxe e palabra para dar voz a un mundo que leva camiño de perderse na néboa, nun intento de rescatalo do silencio ó que parece condeado.

A Porta Verde do Sétimo Andar pretende enfocar a atención sobre o abandono do medio rural poetizando unha selección de fotografías escollidas polo propio Vicente Ansola para a ocasión. Deste xeito, a mensaxe chega ó espectador reforzada a través de dous estímulos distintos e complementarios. Por unha banda, o estímulo visual procedente da proxección das fotografías de Vicente Ansola e, por outra, o auditivo, a través do recitado dos poemas compostos expresamente para as imaxes polos distintos membros de A Porta Verde. E, ó acto “foto-poético” propiamente dito, quere engadirse ademáis a exposición de varias fotografías pertencentes ó novo traballo de Vicente Ansola, o cal xira tamén en torno á realidade rural galega.

Como xa se indicou anteriormente, A Porta Verde considera de elevado interese chamar a atención sobre o proceso de morte silenciosa do medio rural galego, de xeito que este é o principal obxectivo da iniciativa esbozada neste dossier. Mais non é o único. Coa posta en

marcha deste acto, quérese tamén por en valor a diversidade e a beleza, tanto da nosa paisaxe rural, como do patrimonio arquitectónico e cultural que as nosas aldeas atesouran. Preténdese, ademáis render homenaxe ós homes e mulleres que aínda viven nelas e que son, dalgún xeito os gardiáns de toda esa riqueza acumulada. Eles conservan aínda a memoria da orixe.

OS INTEGRANTES DO PROXECTO

Vicente Ansola Trueba

A vida de Vicente Ansola Trueba comeza nun pobo cántabro nas beiras do río Pas, Alceda. Isto é importante porque en Alceda había un río, un parque, unha bolera e un cine. Suficiente para un neno que se sentía libre para xogar e que conservaría dende entón unha necesidade de liberdade e un amor pola natureza que marcarían a súa traxectoria.

Chegar a lugares novos e descoñecidos, misturarse coa xente e mimetizarse coa paisaxe, observar ata detectar a beleza dos rasgos que definen o espazo e entón, “clic”, a fotografía. A imaxe que permitirá que paisaxe e xente queden para sempre na retina e na memoria de quen os contempla. Esa é, dun xeito simplificado, a esencia da vida e da traxectoria profesional de Vicente Ansola. Unha traxectoria chea de premios e recoñecementos a nivel nacional e internacional. O primeiro, en 1.981, o Premio Caja Cantabria de fotografía; o último, en 2.012, o prestixioso Master Hasselblad por cinco instantáneas pertencentes ó seu traballo O Pobo das Néboas. Entre ámbolos dous, o primeiro Premio Nacional de Retrato “Kodak Gold Award”, en 1.996, os primeiros premios no “Fotografía Digital Fujifilm” de México en categorías paisaxe e retrato, obtido no 2.005 ou un accésit no Certame Fotográfico Foto-Nikon 2.011.



IMAXE 3. Fotografía de Vicente Ansola pertencente ó seu traballo O Pobo das Néboas. Premio Master Hasselblad 2.012.

Innumerables os premios e innumerables as exposicións ó longo de todo o mundo. Dende a primeira, na Facultade de Ciencias en Santander, ata a Spiral Gallery en Tokio ou os Smash Box Studios en Los Ángeles. Pasando, por suposto, por Galicia. A Casa da Cultura de Pontevedra, o Círculo Mercantil de Vigo ou o Concello de Viveiro acolleron nalgunha ocasión as obras de Vicente Ansola. No 2.011, o Museo Provincial de Lugo presentou o traballo O Pobo das Néboas e, no presente ano, foi o Museo do Pobo Galego quen acolleu a súa fotografía.

Pero a relación de Vicente Ansola con Galicia non se limita á presentación e exposición dos seus traballos. En realidade, é unha relación que comeza sendo neno, coas viaxes familiares á Coruña. É aquí onde comeza a sentirse atraído pola paisaxe, polas xentes, polo idioma. Unha relación retomada no 2.005, cando chega ó concello de A Pontenova. Aquí atopa o seu Triángulo dos Trasnos: Vilarxubín, Sampaio, San Pedro de Bogo... Descubre a riqueza da súa arquitectura tradicional e tamén o estado de abandono no que se atopan as aldeas. Percorre A Pontenova tentando rescatar hórreos, cabozos, casas e xente dun esquecemento seguro. De dous anos de traballo e miles de fotos resulta o libro O Pobo das Néboas. A Pontenova quedará para sempre retratada como un lugar de maxia e néboa, con personaxes inesquecibles e paisaxes que todo o mundo quereda visitar. E, no 2.012, cinco instantáneas pertencentes a este traballo son premiadas co antes citado Master Hasselblad. A Pontenova transcenderá entón as súas fronteiras e viaxará por todo o mundo.



IMAXE 4. Fotografía de Vicente Ansola pertencente ó seu traballo O Pobo das Néboas. Premio Master Hasselblad 2.012.

En O Pobo das Néboas, Vicente Ansola retrata unha realidade rural galega oscilante entre a maxia e a tristeza. Pero non é esta a súa única publicación. Outros lugares e outras circunstancias foron convertidos en imaxe a través da súa cámara.



IMAXE 5. Fotografía de Vicente Ansola pertencente ó seu traballo *El Bosque de la Bailarina*, realizado en Irlanda.

Os libros publicados ata o de agora por Vicente Ansola enuméranse a continuación.

1. *Año 2.000. Cinco cuentos y una historia de Cantabria* (2.000).
2. *El bosque de las flores dormidas* (2.003).
3. *El bosque de la bailarina* (2.008).
4. *O Pobo das Néboas* (2.010).
5. *I Certamen Fotográfico Vicente Ansola* (2.010).
6. *II Certamen Fotográfico Vicente Ansola* (2.011).

A Porta Verde do Sétimo Andar

Foi en Maio do ano 2.005 cando, froito da confluencia das inquiredanzas e experiencias vitais compartidas de diferentes creadores, nace a Porta Verde do Sétimo Andar. Vigo foi o epicentro dunha idea colectiva que se materializou en forma de espazo creativo aberto a todo tipo de expresión artística. Un espazo poético de encontro e coincidencia, galego, comprometido coa cultura galega e coa nosa lingua como alicerce que é da nosa cultura.

Se cadra, un dos feitos que con maior precisión definen o carácter aberto e colectivo de A Porta Verde, é a presenza constante dun grupo de autores e autoras de moi variada procedencia que entran e saen con total liberdade, deixando sempre, iso si, un ronsel de creacións artísticas diversas e, sobre todo, compartidas. Eles e elas son o soporte colectivo que fan de A Porta Verde un espazo vivo e dinámico, sempre en constante transformación e atento a novas voces e novas formas de expresión.



Imaxe 6. Recital de A Porta Verde en A Cova dos Ratos (Vigo). Fotografía de APV.

O ámbito de acción poética de A Porta Verde abrangue toda Galiza e norte de Portugal, mais tamén existen importantes conexións con comunidades galegas de Barcelona ou Madrid. Ademáis, sempre houbo un claro e decidido interese na procura de lazos de amizade con outros colectivos e culturas. Mostra disto son os vínculos coa *Incomunidade (Asociación Extrapolar)* en Portugal, o *Ateneo Ferrolán*, o *Colectivo Sacou* en Noia ou o *Grupo Bilbao* en Madrid, entre outros. A actividade en forma de recitais, presentación de libros, etc... é constante e lévase a cabo en moitas ocasións contando coa colaboración e participación destes e outros colectivos e entidades. A máxima a seguir é sempre “*Onde a poesía nos leve!*”.

Tamén é intensa a presenza de A Porta Verde no ámbito virtual. O blogue creado dende o momento da posta en marcha do colectivo ten acadado xa as 48.000 visitas, con procedencias de todo o mundo e unha destacada participación de seguidores do Brasil e Portugal. A progresiva incorporación do audiovisual e a presenza a cotío nas redes sociais son outra mostra da boa sintonía do colectivo coas novas tecnoloxías.

Hogano, A Porta Verde conta xa cun bo número de publicacións. Son seis anos os transcurridos dende que o primeiro libro colectivo de poesía vise a luz baixo o título de “*A Porta Verde do Sétimo Andar*”. Tras el veu “*Sétimo andar, poesía alén*”, publicado en 2.010 e considerado por Fervenzas Literarias o 3º mellor libro de poesía galega do ano.

En Xaneiro de 2.011 nacen os Q de Vian cadernos, unha iniciativa do colectivo que busca establecer un punto de encontro entre distintas disciplinas artísticas e incidir na visibilidade da produción artística galega.

Posto que nace cun afán de continuidade, periódicamente ábrese á participación de diferentes artistas galegos e procedentes doutros países lusófonos.



Imaxe 7. Libros publicados pola Porta Verde do Sétimo Andar. Fotografía de APV.

Até a data, estes son os títulos publicados por A Porta Verde do Sétimo Andar:

- 1.- *De Castro*. Alberte Momán / Alba Méndez.
- 2.- *Pegadas*. VVAA.
- 3.- *O día que morreu Steve McQueen*. Kiko Neves.
- 4.- *Desobediencia*. Rosa Enríquez
- 5.- *O Cullarapo Croque*. Miguel Ángel Alonso Diz / Luz Beloso.
- 6.- *Azul Ultramarino*. José Manuel Nunes Vilar
- 7.- *Sétimo andar*. VVAA.
- 8.- *Letras de amor e guerra*. Ramiro Vidal Alvarinho.

9.- *Atlas de Chaguán*. Rosa Enríquez.

10.- *Melíflua Moradía*. Lino García Salgado.

11.- *Castas*. Marília Miranda Lopes

12.- *Vattene!*. Alberte Momán.

13.- *Flutuando*. Xavier Frías Conde.

14.- *A nena á que non deixaban ser feliz*. Miguel Ángel Alonso Diz / Luz Beloso.

15.- *Aseteando*. José Estévez.

16.- *Noite~Día*. Alfonso Láuzara.

17.- *Un feixe de poemas na porta*. VVAA.